

EU SON FUNDACIÓN

Boletín informativo da Fundación Breogán

Nº 11

2º trimestre 2025

NOVO PROXECTO PILOTO

Aros, porque todos e todas temos un aro que acadar

SEGUIMOS NA ACB

Festexamos o éxito deportivo do C.B. Breogán

PROXECTO PERSOAS

O valor de compartir

NOVAS EDICIÓNS DOS CLÁSICOS

IV Edición Liga Senior 3X3
IV Torneo 3X3 Na Rúa
IV Xornadas de Tecnificación

EXPERIENCIA BREOGÁN

Fund. JuanSoñador-Ibersys
Fund. Secret. Xitano-P.Vilane





COMPROMISO QUE NON DESCANSA

Benvidas e benvidos a unha nova edición do noso boletín Eu Son Fundación, correspondente aos meses de abril, maio e xuño de 2025. Este segundo trimestre do ano é, tradicionalmente, un dos máis intensos para a Fundación Breogán, cunha grande actividade nos nosos proxectos e iniciativas.

Neste período, moitos dos programas que impulsamos acadan os seus obxectivos, pechando ciclos antes do breve parón estival. Porén, a Fundación non se detén no verán. Nos meses estivais seguimos traballando con ilusión e compromiso, analizando o camiño percorrido, mellorando os proxectos en marcha e abrindo portas a novas iniciativas que nos permitan seguir medrando e achegando valor á sociedade.

Porque na Fundación Breogán cremos nunha acción social continua, sostida e con visión de futuro. Grazas por acompañarnos unha vez máis neste percorrido compartido.

SEGUIMOS EN PÉ

SEGUIMOS NA ACB

O Club Baloncesto Breogán continuará, un ano máis, entre os grandes. A tempada 2025/26 será a quinta consecutiva na ACB, consolidando así a presenza do club na máxima categoría do baloncesto nacional e sumando xa 29 tempadas na elite ao longo da súa historia.

Desde a Fundación Breogán queremos expresar a nosa máis sincera noraboa ao club, tanto á directiva como ao equipo técnico e ao cadro de xogadores, polo traballo desenvolvido durante unha tempada esixente, chea de retos e emocións.

A permanencia, máis alá dos resultados deportivos, representa tamén a permanencia dun soño colectivo: o dunha cidade que vibra co baloncesto, dunha afección que nunca falla, e dunha institución que é símbolo de identidade e orgullo para Lugo e para Galicia.

Grazas polo esforzo, pola paixón e polo compromiso. Grazas por seguir facendo historia.

acb

Rio



liga
endesa

EXPERIENCIA

BREOGÁN

COMPROMISO, DEPORTE E TRANSFORMACIÓN SOCIAL


Co apoio da nosa empresa benefactora **Pazo de Vilane**, demos comezo ás Experiencias Breogán 2025 cunha semana adicada á **Fundación Secretariado Xitano**, entidade que leva máis de 40 anos traballando pola promoción integral da comunidade xitana e a construción dunha sociedade máis xusta, inclusiva e diversa. Durante esta semana, desenvolvéronse diferentes actividades orientadas a crear espazos de encontro e aprendizaxe mutua:

4 Visita ao centro da Fundación en Lugo, onde o director da Fundación Breogán, **Luis Abel Taboada**, acompañado polos xogadores **Eric Vila**, **Edin Atić** e **Boubacar Touré**, compartiron experiencias co alumnado dos programas educativos. Fomos acollidos por **Belén Fernández**, coordinadora provincial, e **Olalla Radío**, orientadora, nunha xornada chea de aprendizaxe, emocións e compromiso compartido.

O alumnado do Programa Promociona tamén visitou o Pazo dos Deportes, coñecendo por dentro o fogar do **CB Breogán** e vivindo a paixón do baloncesto desde o Palco VIP durante o partido contra o Joventut de Badalona.

Nun dos descansos, **Nuria Varela-Portas de Orduña**, xerente de Pazo de Vilane, fixo entrega dun recoñecemento a Belén Fernández, como símbolo desta colaboración tan especial.

Esta primeira Experiencia Breogán do ano foi un verdadeiro exemplo do poder do deporte como ferramenta de transformación social. Grazas á Fundación Secretariado Xitano polo seu traballo diario, e a Pazo de Vilane por facer posible esta alianza de valor.



Transformar para incluir, actuar para coidar. Recoñecendo o labor imprescindible de Secretariado Xitano e JuanSoñador

A segunda Experiencia Breogán de 2025 tivo como protagonista á **Fundación JuanSoñador**, grazas ao apoio incondicional da nosa empresa benefactora **Ibersys**.

Durante máis de vinte anos, JuanSoñador vén traballando pola inclusión da infancia, adolescencia e mocidade en situación de vulnerabilidade, apostando por unha intervención educativa integral e comprometida.

O mércores 21 de maio, o equipo da Fundación Breogán, acompañado por **Jordan Sakho**, **Elijah Hughes** e **José Ferro** (representante de Ibersys), visitou o centro de JuanSoñador en Lugo. Foi unha mañá de emoción, conversacións honestas e conexións reais, onde o deporte serviu de ponte entre realidades que, en realidade, non están tan afastadas.

O domingo, a Fundación JuanSoñador gozou do último partido da tempada no Pazo dos Deportes, fronte ao Dreamland Gran Canaria, vivindo a experiencia desde o Palco VIP. Durante un dos descansos, **Javier Iglesias**, CEO de Ibersys, fixo entrega dun recoñecemento institucional a **Victoria Alejo** (coordinadora local) e **Olalla Caamaño** (educadora), en nome de toda a entidade.

Estas experiencias non só poñen en valor o traballo silencioso e imprescindible destas organizacións sociais, senón que tamén consolidan o papel da Fundación Breogán como motor de unión, visibilización e transformación comunitaria.





benvidos FOGAR DE c do br an



6

Durante os meses de abril e maio, o Pazo dos Deportes acolleu as últimas visitas escolares da tempada dentro do proxecto Pazo Aberto, unha iniciativa da Fundación Breogán co apoio do Proyecto de Bana que achega o espírito do CB Breogán á cativada da provincia. Máis de 150 nenos e nenas puideron mergullarse no día a día do club, coñecendo os espazos máis emblemáticos do Pazo —vestiario, pista, sala de prensa ou sala de trofeos— e vivindo unha experiencia única que combina historia, deporte e valores.

Grazas a todos os centros participantes por formar parte desta aventura!

“Pazo Aberto” consolidouse como unha ferramenta educativa que sementa paixón polo deporte e fortalece o vínculo entre o Breogán e a nosa mocidade. Desde a Fundación Breogán xa traballamos na próxima edición. Porque...

O Pazo é casa de todos. O Breogán tamén é voso.

PAZO ABERTO

O CORAZÓN DO C.B. BREOGÁN

ao BREOGÁN

desde 1966

FUNDACIÓN
Breogan

Proyecto
de Bana



Alumn@s do Colexio
Diocesano A Milagrosa
na para da zona
de trofeos



7



CEIPP POETA AVELINO DÍAZ

O 9 de abril, o alumnado deste centro gozou dunha visita repleta de ilusión e descubertas, compartindo anécdotas co equipo técnico e coñecendo de preto a historia breoganista. Grazas ao CB Vila de Meira pola colaboración.



CEIP A PONTE

O 30 de abril, os alumnos de 6º tiveron unha mañá inesquecible. A sorpresa? Atopar ao seu mestre, José Manuel Cabezado, exxogador do Breogan, no Corredor da Fama. Un encontro entre pasado e presente que fixo vibrar ao grupo enteiro.



C. DIOCESANO A MILAGROSA

O 9 de maio, os rapaces e rapazas de 6º de Primaria viviron un momento máximo ao poder compartir pista cos xogadores do primeiro equipo. Unha experiencia que quedará para sempre nas súas lembranzas.



CEIPP DE NADELA

O 22 de maio puxemos o punto final a esta primeira edición recibindo ao alumnado de 2º e 5º de Primaria. Unha xornada chea de emocións e orgullo lucense para pechar a tempada con broche de ouro.

ÍCARO

VOANDO XUNTOS



DEPUTACIÓN
DE LUGO



VICEPRESIDENCIA

A primeira tempada do Proxecto Ícaro chega ao seu fin, deixando atrás moito máis ca deporte: deixa pegadas de compromiso, superación e aprendizaxe compartida. Un proxecto impulsado pola Fundación Breogán co apoio da **Vicepresidencia da Deputación de Lugo**, que naceu coa vontade de ofrecer novas oportunidades de inclusión social e desenvolvemento persoal á mocidade lucense.

◆ **Boxeo con valores.**

Volvemos ás instalacións do **Boxing Club Cidade de Lugo** para seguir descubrindo un deporte esixente e transformador. A través del, traballamos o esforzo, a disciplina e a capacidade de superación.

◆ **Rugby e traballo en equipo.**

Da man do **Muralla Rugby Club**, os participantes iniciáronse nun deporte que pon no centro o respecto, o apoio mutuo e o espírito colectivo. Unha xornada intensa e chea de ilusión.

Durante estes meses, tamén se exploraron outras disciplinas como o baloncesto, o béisbol ou o tenis de mesa. Pero o máis valioso foi a actitude: gañas, constancia e apertura para medrar en cada sesión.



Grazas a todas as entidades colaboradoras — Vicepresidencia da Deputación de Lugo, Fundacións Dignidade e JuanSoñador, IES Muralla Romana, Xunta de Galicia e clubs deportivos— por facer realidade este espazo seguro e transformador.

A vós, rapaces: grazas por demostrar que, con apoio e confianza, sempre é posible alzar o voo..



CRIS SEIJO

SEN LÍMITE DE IDADE, SEN LÍMITE DE SOÑOS



Un equipo de mulleres entre os 35 e os 62 anos, moitas delas nais, traballadoras e profesionais de distintos ámbitos, decidiron volver á pista da man do Proxecto Cris Seijo, impulsado pola Fundación Breogán. E fixérono con forza, con paixón e sen perder un só partido.

Este trimestre proclamáronse campioas invictas da **Liga Galega de Veteranas da FEGABA** e do **Torneo Cidade de Ferrol**, demostrando que a ilusión non entende de idades. Pero, sobre todo, demostraron que o verdadeiro éxito está no entusiasmo, na entrega e na capacidade de contaxiar alegría, dentro e fóra da pista.

Esta vertente deportiva do proxecto —centrada na promoción do baloncesto feminino veterano— convértese tamén nun espazo de convivencia e apoio. A través de adestramentos abertos para mulleres maiores de 35 anos e sesións compartidas con mulleres solicitantes de asilo, o proxecto crea comunidade, igualdade e benestar.

Grazas a todas as persoas e entidades que fan posible esta iniciativa: **Xunta de Galicia**, **C.B. Breogán** e todas as mans que empurran desde o corazón.



A vindeira tempada xa está en marcha. Porque isto, como elas din, acaba de comezar.

Durante a Semana Santa, o Anexo do Pazo dos Deportes acolleu unha nova edición das Xornadas de Tecnificación organizadas pola Fundación Breogán e o C.B. Breogán. Un total de 50 rapaces e rapazas de entre 8 e 16 anos viviron tres días de baloncesto intensivo, aprendizaxe e experiencias únicas, cun equipo técnico de luxo e visitas moi especiais.

Formación deportiva e humana

As xornadas combinaron adestramentos dirixidos por **Maisa López** do Ensino Lugo, acompañada por **Paula Ahuja**, do Estudiantes Lugo, e **Chisco López** e **Nerea Vieites**, do Franciscanos, coa presenza de xogadores do **CB Breogán** como **Kurucs**, **Sakho**, **Vila**, **Grant** ou **Mavra**. Tamén houbo espazo para a reflexión: as charlas formativas sobre valores no deporte, coa participación de **Astrid Rodríguez** e o equipo da **Fundación Dignidade**, foron un dos momentos máis enriquecedores.



Visitas e inspiración

Axogadora do Ensino Lugo, **Claudia Soriano**, recentemente convocada pola selección española, compartiu a súa experiencia cos e coas participantes, converténdose nunha fonte de motivación.



Agasallos e sorpresas

Os participantes recibiron camisetas oficiais, identificadores personalizados e trofeos únicos deseñados por **O Artesán 3D**. E para pechar con creatividade, un obradoiro de arte urbana e graffiti da man de **Concepto Circo** puxo o broche final a unhas xornadas cheas de entusiasmo e superación.

Baloncesto, formación e ilusión nunha edición inesquecible



Salva Arco, Director Xeral do C.B. Breogán, na entrega de trofeos e recordos para os gañadores e participantes.



BREOGÁN ACADEMY

CBBREOGÁN

*Formar mellores xogadores
e mellores persoas*



ERIK QUINTELA

SALVA ARGO



ÁREA DEPORTIVA

- SEGUIMIENTO DA BASE
- RESPONSABLES TÉCNICOS ZONAIS
- ADESTRAMENTOS + INFORMES TÉCNICOS
- DETECCIÓN DE TALENTO (MINICOPA)



FORMACIÓN INTEGRAL

- CLÍNICAS TRIMESTRAIS
- ACCESO A ADESTRAMENTOS CBBREOGÁN
- TALLERES ONLINE/PRESENCIAIS
- ASESORAMENTO PAU E ESTUDOS SUPERIORES



REDE CLUBS VINCULADOS



BREOGÁN ACADEMY SOLIDARIA

- CAMPAÑAS SOLIDARIAS CONXUNTAS
- APOIO A EVENTOS E CLUBS
- PARTICIPACIÓN EN PROXECTOS FUNDACIÓN BREOGÁN



EVENTO "BREOGÁN ACADEMY DAY"

- ENCONTRO ANUAL NO PAZO
- AGASALLOS, MÁXIMUS. FOTOS E MÁIS
- PROMOCIÓN 3X3



COMUNICACIÓN E RECOÑECIMENTO



Salva Arco, Director Xeral do C.B. Breogán, na entrega de trofeos e recordos para os gañadores e participantes.

FUNDACIÓN
Breogán



LIGA SENIOR 3X3

IV EDICIÓN: BALONCESTO, COMPAÑEIRISMO E PAIXÓN SEN IDADE

A IV edición da Liga Senior 3x3 da Fundación Breogán celebrouse entre finais de maio e xuño nas pistas do Pazo dos Deportes de Lugo e o seu módulo anexo, reafirmando esta cita como unha das grandes referencias do 3x3 en Galicia para maiores de 30 anos.

A competición contou con **10** equipos en categoría mixta e máis de **70** participantes, todos con moita ilusión e espírito deportivo. Os partidos, arbitrados por colexiados oficiais da **FGB**, xogáronse con balóns FIBA 3x3 e equipacións personalizadas, ofrecendo un gran espectáculo cada xornada. Ademais, a xa consolidada Zona VIP “Terceiro Tempo” foi o espazo perfecto para compartir un bo rato e repórter forzas tras os encontros.

Nesta edición, o equipo **Clínica García Rielo** proclamouse campión tras unha final moi disputada fronte a **Pista Floja**, mentres que **Charles Nkaloulou**, tamén de Clínica García Rielo, foi recoñecido como **MVP**, recollendo o trofeo do anterior gañador, **John M. Morís**. No Concurso de Triplas, **Iago Tejero** (Enfoca Legends) impúxose a **Javi**

Lourido (Enxebres), e no espectacular TwoBall, o triunfo foi para **Pub Basket**, con Clínica García Rielo como subcampións. Ademais, **Raquel Asensio** (Seijo Team) foi homenaxeada como Xogadora Fundación, e **Rafa Rodríguez** levou para a casa un saboroso xamón ibérico tras conquistar o xa mítico Súper Tiro **Torre de Núñez**, aberto tamén á participación do público.

A entrega de premios contou coa presenza especial dos xogadores do **CB Breogán Erik Quintela** e **Jordan Sakho**, que compartiron momentos coa familia do 3x3 lucense.

Un ano máis, esta liga demostrou que a paixón polo baloncesto non entende de idade.

Vémonos na V Edición!





CAMPIÓN



SUBCAMPIÓN



TWOBALL




15

A Fundación Breogán dalle vida, por 4º ano consecutivo
ao talento que nunca se apaga

CAMPIÓN TRIPLAS

M.V.P

XOGADORA FUNDACIÓN



PERSOAS

A MAXIA DE COMPARTIR



Os rapaces e rapazas participantes no Proxecto Persoas o día do último adestramento deste curso 24/25.

Esta tempada no Proxecto Persoas decidimos ir un paso máis alá: abrir as portas do adestramento a asociacións, clubs e entidades que cren, coma nós, no poder do deporte para transformar realidades. E a resposta foi tan xenerosa como emocionante.

Ao longo deste trimestre, recibimos a visita de clubs, árbitros, nadadores, forzas de seguridade e compañeiros doutras disciplinas deportivas que quixeron sumar, compartir e formar parte desta experiencia de inclusión. En cada encontro, vivimos xornadas únicas nas que combinamos deporte, valores e convivencia.

Entre as visitas máis especiais, tivemos a sorte de contar co **Comité Galego de Árbitros de Baloncesto**, que participou en dúas sesións cheas de aprendizaxes sobre o xogo limpo e o respecto. Tamén nos acompañaron os xogadores do **CB Terrachá**, do **ADC Sagrado Corazón**, e mesmo deportistas do **Club Natación PortaMiñá** ou do **Club de Piragüismo Cidade de Lugo**, que nos demostraron que o deporte é moito máis ca unha disciplina: é un idioma común.

A **Comisaría de Lugo do Corpo Nacional de Policía**, con presenza do Comisario Xefe, achegouse tamén para compartir sinerxías nunha tarde que uniu inclusión, solidariedade e compromiso social.

Todas estas experiencias foron posibles grazas ao esforzo e dedicación do equipo de voluntariado da Fundación Breogán e das entidades colaboradoras —**Afalu, Dano Cerebral Lugo, USC, Raiolas e CEE Santa María**—. E, por suposto, grazas aos verdadeiros protagonistas: os rapaces e rapazas, que cada semana enchían a pista de entusiasmo, entrega e ilusión.

Coa entrega de diplomas de participación puxemos o punto final a unha tempada inesquecible... por agora.

Porque seguimos facendo equipo, dentro e fóra da pista.



COMPROMISO E INCLUSIÓN

UN RECOÑECIMENTO COA NOSA MARCA



Na última edición da gala #BasketGal2025, organizada pola **Federación Galega de Baloncesto**, a Fundación Breogán recibiu un galardón moi especial: o Recoñecemento á Acción Social, como entidade referente no ámbito do baloncesto galego pola súa labor integradora, inclusiva e transformadora.

Este premio supón un impulso e unha alegría enorme, pero sobre todo é un recoñecemento colectivo, porque detrás de cada adestramento, cada iniciativa e cada sorriso compartido, hai unha gran familia que fai isto posible:

♥ Grazas ás nosas socias e socios benefactores, ás empresas colaboradoras, ás asociacións e clubs cos que compartimos proxectos, ao persoal técnico e voluntariado, e moi especialmente a todas as persoas que participan nos programas sociais e deportivos da Fundación. Este premio tamén é voso.

Na Fundación Breogán cremos nun baloncesto sen etiquetas, que non entende de idade, sexo, orixe, capacidades ou condición social. Un baloncesto que suma, que une, que medra en comunidade.

Este recoñecemento anímanos a seguir traballando con máis forza que nunca para levar o baloncesto a todos os recunchos e facer do deporte unha ferramenta de igualdade, inclusión e paixón compartida.

G BASKET

17

BASKETGAL 2025

ACCIÓN SOCIAL

FUNDACIÓN BREGÁN



TORNEO 3X3 NA RÚA

UNHA TARDE DE BALONCESTO PARA LEMBRAR

O pasado sábado 21 de xuño, as pistas exteriores do Pazo dos Deportes de Lugo enchéronse de xogo, emoción e compañeirismo coa celebración da cuarta edición do Torneo 3x3 na Rúa, organizado pola Fundación Breogán coa colaboración da Xunta de Galicia.

Durante máis de cinco horas, rapaces e rapazas de 9 a 18 anos competiron en formato 3x3, distribuídos en 34 equipos, con partidos simultáneos en 6 pistas. A xornada foi unha auténtica festa do baloncesto base, combinando deporte, convivencia e espírito de superación.

A participación superou os 130 xogadores/as, e disputáronse nada menos que 107 partidos, nun ambiente dinámico, familiar e inclusivo.



18



XUNTA
DE GALICIA

Como en cada edición, a acollida foi excelente por parte das familias, clubs e público en xeral. Desde o lanzamento das inscricións o 29 de maio, o interese non deixou de medrar, completándose o aforo dispoñible antes do peche o 14 de xuño.

Cada participante recibiu un lanyard oficial da Fundación Breogán, e os equipos gañadores foron recoñecidos con trofeos personalizados nunha entrega final chea de aplausos e ledicia.

Queremos agradecer especialmente: a implicación de todos os equipos e xogadores/as, o apoio das familias e persoas voluntarias e, por suposto, a colaboración institucional da **Xunta de Galicia**.

Esta cuarta edición consolida o 3x3 na Rúa como unha cita imprescindible no calendario do deporte base lucense.

Xa contamos os días para a quinta!

130 34 107

XOGADORES/AS EQUIPOS ENCONTROS

19



Sol, ritmo e canastras no corazón de Lugo, nunha nova festa de exaltación do baloncesto de base

PROGRAMA LÚDICO & DE OCIO SAUDABLE NOS BARRIOS

En maio concluímos coa enerxía das oito xornadas o programa “+xTI 24/25” nas prazas da **Milagrosa**, **Castiñeiro** e **Anxo Fernández**. Un espazo aberto ao baloncesto, a actividade física e os hábitos saudables para nenos e adolescentes os sábados pola mañá.

Este proxecto, promovido pola **Concellería de Xuventude e Deportes do Concello de Lugo** co apoio da Fundación Breogán, busca fomentar valores como a saúde, o compañeirismo e a convivencia nos barrios.

Máis de 100 rapaces e rapazas participaron nas xornadas, enchendo de sorrisos e movemento as mañás de fin de semana.

8 mestres de Educación Física colaboraron de forma altruísta, achegando o seu tempo, coñecemento e entusiasmo:

Benxamín Muras, do CEIP Luis Pimentel.
Claudia Tejerina, do Colexio Maristas Lugo.
Oscar Rodríguez Río, do CPR Cervantes.
Jaime Balado, do Colexio Divino Maestro.
Noelia Valcarce, do CEIP Menéndez Pelayo.
Angel Muñoz, do Colexio Franciscanos Lugo.
Eliseo Moreda, do CEIP Albeiros.
Iago Corral, do CEIP Anexa.





**O programa Ocio e Deporte na Rúa
levou xogos, baloncesto e sorrisos a
diferentes barrios de Lugo,
convertendo cada praza nun espazo
de convivencia activa.**

ORGANIZA E FINANCIA:



Concello de Lugo
ALCALDÍA

Xuventude
e Deportes



COORDINA:



CANDELAS

A top-down photograph of a white coffee cup filled with dark coffee, partially visible on the left. A large pile of dark brown, roasted coffee beans is scattered across the white surface, with a few beans also scattered further away. A small portion of a brown paper coffee bag is visible in the top left corner.

café CANDELAS

Empresa Benefactora
2025



AROS



UNHA NOVA FRONTE DE INCLUSIÓN A TRAVÉS DO DEPORTE

En xuño, a Fundación Breogán e **COGAMI** lanzaron con éxito a fase piloto do proxecto **AROS**, destinado a persoas adultas con capacidades diferentes. Esta iniciativa xorde como evolución do programa Persoas — centrado en menores— coa intención de ofrecer oportunidades deportivas a un público historicamente sen opcións.

Os días 2, 13 e 20 de xuño: celebráronse os tres adestramentos iniciais no módulo Anexo do Pazo dos Deportes, cheos de entusiasmo, compañeirismo e iniciativas de superación persoal.

Clausurouse esta fase piloto con grande acollida; unha sesión que destacou pola visita especial do capitán do **C.B. Breogán, Erik Quintela**, que compartiu consellos e complicidade cos participantes.

Tras o éxito desta fase piloto, a pretemporada estival servirá para analizar datos, axustar metodoloxías e preparar os seguintes pasos. A previsión é arrincar con forza de novo a partires de setembro, integrando a esta comunidade no programa regular da Fundación. A fronte do proxecto estiveron, **María Piñeiro**, Educadora Social e **Nerea Vieites**, adestradora.

Xunto co equipo de **COGAMI**, cunha implicación fundamental.

Unha aperta a todas as persoas participantes, ao equipo técnico e ao equipo de **COGAMI** por facer realidade esta ponte cara a un deporte máis accesíbel.

AROS está xa en marcha...porque tod@s temos un aro que alcanzar.

23



EU SON FUNDACIÓN

BOLETÍN INFORMATIVO DA FUNDACIÓN BREOGÁN

Se desexas formar parte da **FUNDACIÓN BREOGÁN**, tanto como empresa ou socio benefactor e ser partícipe de tódolos nosos proxectos, tes a opción de unírte a nós en www.fundacionbreogan.org.

Cremos firmemente no deporte como ferramenta de transformación social, contribuíndo así a unha sociedade máis xusta, integradora e onde os máis novos sexan educados na base de valores como o esforzo, superación, perseverancia, igualdade, respecto, deportividade, solidariedade, etc. Sé parte do cambio e da con nós ***O seguinte paso no sentimento*** breoganista.

